

TRIÁNGULOS DE SUSTENTABILIDADE: UNHA ACTIVIDADE PARA IMPLICAR AO ALUMNADO NA XESTIÓN DOS MONTES

MONTERO VILAR, SANTIAGO

IES Ponte Caldelas

GARCÍA BREA, LAURA

IES San Clemente

GARCÍA-RODEJA GAYOSO, ISABEL

Dpto. de Didáctica Aplicadas, USC

RESUMO

Nesta comunicación descríbese unha actividade denominada “triángulos de sustentabilidade” desenvolvida con estudantes de 1º de bacharelato no IES Ponte Caldelas (Pontevedra). Esta actividade consistía en reflexionar a partir dunha presentación con dezaseis fotografías relacionadas cos diferentes usos do monte. Posteriormente o alumnado, dividido en seis grupos de entre catro e cinco persoas, tiña que pegar unha copia das fotografías nun triángulo de sustentabilidade en función do ángulo ao que consideraban que se aproximaba máis: económico, social-cultural ou ecolóxico. Durante a comunicación tamén se describirán os resultados da mesma.

INTRODUCCIÓN

No decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 2015) defínese competencia como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. Isto dentro das materias de ciencias supón a necesidade de axudar aos alumnos na construción de coñecementos científicos pero tamén de darlles a oportunidade de aplicalos en contextos sociais relevantes. Entendemos que a nosa actividade “triángulos de sustentabilidade” que forma parte dunha secuencia de actividades máis ampla “O monte multifuncional” aspira a cumprir istos requisitos. O contexto da actividade que é ordenación do territorio cumpre sen dúbida coas características dos problemas socio-ambientais. Hai que ter en conta ademais que unha boa ordenación territorial é unha das mellores estratexias para a conservación da natureza xa que implica defender o patrimonio natural na súa totalidade. Por outro lado entendemos que é de especial importancia implicar aos estudantes en actividades de xestión territorial dentro da súa contorna local, xa que ademais de xerar coñecementos contextualizados nos contextos onde se desenvolve a súa vida, xeran emocións coa natureza (Sargatal, 2003) y é nestes escenarios onde existe unha maior probabilidade de que o ensino das ciencias contribúa a unha educación en valores (Acevedo, 2006)

PARTICIPANTES

O alumnado do IES Ponte Caldelas pertencen a concellos cun forte carácter rural, onde as terras se dedican maioritariamente a actividades forestais. Esta situación non é exclusiva, senón que se da en outros moitos concellos de Galicia.

O monte en Galicia é un recursos fundamental no día a día de moitos galegos e dos nosos estudantes. O uso do monte debería cumprir coas funcións económica, ecolóxica e social, permitindo unha gran cantidade de múltiples usos (industria de madeira e derivados, postos de traballo, aproveitamento de biomasa, lecer, artesanía, gando, paisaxe...). A actividade que se describe nesta comunicación denominada “triángulos de sustentabilidade” **ten con intención educativa que os estudantes** comprendan as diversas funcións que debe cumprir un monte desde unha perspectiva multidimensional.

Por outra banda é importante salientar, en canto a pertinencia da actividade, que nas comunidades de montes de Galicia, a asemblea de veciños decide os proxectos para os seus montes e nun futuro próximo os nosos alumnos serán membros da comunidade de montes e por tanto terán que tomar decisións sobre a súa xestión.

DESCRIBIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade “triángulos de sustentabilidade” pertence a un conxunto de actividades didácticas que se denominan o “Monte Multifuncional”. Nesta unidade trabállanse contidos que teñen como eixo central o desenvolvemento sustentable. As actividades foron deseñadas fíxose a partir dun problema real como é a avaliación da ordenación dos montes de Pazos. O principal factor que motivou a elección deste problema, é que nun futuro próximo, moitos dos alumnos serán membros de dereito das distintas comunidades de montes.

A actividade “Construción dun triángulo de sustentabilidade dos distintos usos do monte” pretende que os estudantes comprendan que os diferentes usos do monte presentan diferentes valores. Os materiais que se utilizan na actividade son fotocopias de fotografías sobre os usos do monte, fichas do triángulo de sustentabilidade, tesoiras e pegamento. A tarefa que se encomenda aos estudantes e clasificar os distintos usos do monte, en función do seu valor ecolóxico, económico e social. O docente actúa como facilitador da aprendizaxe axudando a xerar un clima adecuado que invite a reflexión e aclarando todas aquelas dúbidas que xurdan durante a implementación da actividade.

O desenvolvemento da actividade cun visionado, en silencio, dunha presentación con dezaseis fotografías relacionadas cos diferentes usos do monte. A continuación invitamos aos estudantes a que reflexionaran en que tiñan en común as fotografías da presentación. Deseguido déuselles a cada grupo un triángulo de sustentabilidade en branco, no cal tiveron que pegar unha copia das fotografías en función do ángulo ao que o uso se aproximaba máis: económico, socio-cultural ou ecolóxico.

RESULTADOS E CONCLUSIÓN

O implementar esta actividade os estudantes tiveron oportunidade de reflexionar e discutir sobre as diferentes dimensións dos usos do monte: desenvolvemento económico, sustentabilidade ecolóxica e benestar socio-cultural.

REFERENCIAS

- ACEVEDO, J. A. 2006. Relevancia de los factores no-epistémicos en la percepción pública de los asuntos tecnocientíficos. *Revista Eureka sobre Enseñanza y Divulgación de las Ciencias*. 3 (3): 370-391.
- DOG: decreto 86/2015, de 25 de junio, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia: 12032-12199.
- SARGATAL, J. 2003. Els principis de la seducció ambiental. *Escola Catalana*. 397: 14-16.